

JAVIER CARBALLAL MORGADE SELECCIONADO POLA DIREÇÃO-GERAL DE POLÍTICA DO MAR DE PORTUGAL PARA PARTICIPAR NO VÍDEO INSTITUCIONAL DA VIRTUAL OCEAN LITERACY SUMMIT

Javier Morgade Carballal, alumno de 4º da ESO, foi seleccionado pola *Direção-Geral de Política do Mar* de Portugal para participar na creación dun vídeo institucional que se presentará o día 8 de xuño de 11:00 a 14:00, dentro do [Virtual Ocean Literacy Summit](#), cumio online internacional organizado pola ONU.

O Equipo de Dinamización da Lingua Galega no marco das actividades sobre a lusofonía dentro deste confinamento sumouse o pasado 19 de maio ao convite da Unidade de Cultura Científica do Instituto de Investigacións Mariñas do CSIC en Vigo para participar co noso alumnado nunha iniciativa internacional proposta polo [proxecto Escola Azul](#) da Dirección-Geral de Política do Mar de Portugal. Nesa data unímonos xunto con outros estudantes de Galicia aos nosos compañeiros portugueses para "tinguir as redes de azul" cunha acción conxunta en redes sociais. Nesta situación de confinamento pola crise sanitaria, vivida en todo o mundo, quixemos berrar con todos eles que "O Oceano faz-nos falta!".

Desde o Equipo de Normalización da Lingua Galega queremos expresarlle a Javi Carballal a nosa noraboa pola súa contribución para axudar a comprender a influencia dos océanos en nós e da nosa influencia nos océanos e tamén, como non, polo feito de ser seleccionado para participar neste evento internacional.

O noso alumnado continúa conectado con entusiasmo a unha nova proposta da Unidade de Cultura Científica do Instituto de Investigacións Mariñas do CSIC, compartindo nas redes sociais o cancelo [#ArelaDeMar](#), para que xuntas, todas as persoas, poidamos expresar por un día o moito que nos dá o océano e todo o que lle desexamos, será tamén o 8 de xuño con motivo do *Día Mundial dos Océanos*, promovido pola ONU.

Instagram

Busca





O Oceano faz-nos falta!